



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLE/2019/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Pleno organizativo»
Data	22 de xullo de 2019
Duración	Desde as 20:00 ata as 21:34 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE LUIS TIEVO SOLIÑO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
71642234V	ANA BELÉN MARTÍN FERNÁNDEZ	SÍ
52490479V	FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
78738961W	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
35285485N	JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR	SÍ
53119072C	LAURA VERDE CURRA	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	SÍ
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 15.06.2019

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes acordan deixar pendente de aprobación o borrador da acta de pleno realizada en data 15 de xuño de 2019, motivado pola rectificación proposta polo grupo municipal do Partido Popular, toda vez que o secretario asistente a este pleno é secretario accidental e non estaba presente no pleno anterior para verificar a corrección ou non da rectificación pretendida.

Expediente 4252/2019. Proposta de creación e composición de comisións informativas

Favorable

Tipo de votación: ordinaria.

A favor: 11, En contra: 3, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 17.07.2019, referente á creación e composición das comisións informativas, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCADÍA REFERENTE Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

De conformidade co indicado no art. 20.1 c) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e no art.68.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas



Primeiro.- Constituír a comisión informativa de carácter permanente denominada "Comisión Informativa Única", cuxo obxecto será o estudo, informe ou consulta dos asuntos que sexan sometidos a decisión do Pleno, así coma o seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os/as concelleiros/concelleiras que posúen delegacións.

Segundo.- Fixar en nove membros, incluído o presidente efectivo, o número de concelleiros/concelleiras que integren a comisión citada.

Terceiro.- Dado que todos os grupos políticos integrantes da corporación teñen dereito a participar nos órganos citados, mediante a presenza de concelleiros/concelleiras pertencentes a este, e dado que a composición destas comisións debe acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos, establécese a seguinte representatividade:

- * Grupo municipal do Partido Popular: 3 membros.*
- * Grupo municipal da ACE: 2 membros.*
- * Grupo municipal PS de G- PSOE: 2 membros.*
- * Grupo municipal do BNG: 1 membro.*
- * Grupo municipal de Avante – Candidatura Veciñal: 1 membro.*

Para eses efectos, os voceiros/voceiras dos distintos grupos políticos entregarán na secretaría xeral do concello, escrito dirixido á Alcaldía, no que designarán aos/ás representantes do seu grupo en cada comisión, puidéndose, así mesmo, designar un suplente por cada titular.

Cuarto.- O alcalde é presidente nato da comisión, se ben, a presidencia efectiva da comisión poderá delegala en calquera membro da corporación, a proposta da propia comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Quinto.- A Comisión Especial de Contas quedará integrada polos mesmos membros que se citan no apartado terceiro deste acordo, séndolle, así mesmo, aplicable o apartado cuarto.

Sexto.- As comisións informativas realizarán sesión cando sexan convocadas para emisión de ditame sobre asuntos que lles competan, con antelación a súa inclusión na orde do día das sesións plenarias nas que vaian a seren tratados e, en todo caso, realizarán sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses, nos días e horas que se determinen na sesión constitutiva correspondente".

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de ACE, 4 de PSOE e 3 de AVANTE).

Votos en contra: 3 (3 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do BNG).

Abstencións: 7 (dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do PP).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Intervencións:



- **Sra. Giráldez Santos:** manifesta que dado que estes órganos non son resolutivos e que teñen como principal función o estudo, informe ou consulta de asuntos que van ser sometidos ao pleno, non é de recibo que non poidan participar en igualdade de condicións os grupos políticos da corporación. Solicítase recuperar a proporción do anterior mandato: 4, 2, 2, 2 e 2, que cumpre coa lei e permite unha participación igualitaria entre grupos.

- **Sr. alcalde:** empezamos ben. A proposta que se somete a aprobación é reflexo dos resultados electorais. Houbo eleccións Sra. Giráldez.

Expediente 4254/2019. Proposta delegacións competencias Pleno en Xunta de Goberno Local

Desfavorable **Tipo de votación:** ordinaria

A favor: 8, En contra: 13, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 17.07.2019, referente á delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Local, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, dispón nos seus artigos 21 e 22 a atribución de competencias á Alcaldía e ao Pleno respectivamente, sinalando para cada un destes órganos a posibilidade de delegar parte das súas competencias.

Considerando que a Xunta de Goberno Local se configura como órgano colexiado no que resulta posible efectuar ditas delegacións e que polo seu funcionamento, realiza sesión ordinaria semanal, resulta mais eficaz e áxil na defensa dos intereses municipais en determinados asuntos que teñen directa repercusión na veciñanza, como pode ser o outorgamento de concesións demaniais nos nichos municipais, desde esta Alcaldía veño en elevar ao Pleno da Corporación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

- Accións xudiciais, administrativas e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria, así como, o exercicio da potestade de investigación, de recuperación de oficio e de deslinde.

- Declaración de lesividade dos actos do Concello.

- As contratacións e concesións de toda clase, cando sexa competente o Pleno, con exclusión das que esixan maioría absoluta do Pleno.

- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.



- A competencia plenaria atribuída 'ex lege' polo artigo 174.5 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

- A adquisición de bens e dereitos, así como, o alleamento destes cando sexa competente o Pleno, con exclusión das que esixan maioría absoluta do Pleno.

Segundo.- O Pleno en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta resolución sen prexuízo da súa avocación, segundo o disposto na Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que realice e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao do presente acordo.

Cuarto.- No non previsto neste acordo rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e Rd 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas".

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 (4 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de ACE e 4 do PSOE).

Votos en contra: 13 (7 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do PP, 3 de AVANTE e 3 do BNG).

Polo tanto o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Intervencións:

- **Sra. Giráldez Santos:** dos grupos que representan 1/3 da corporación municipal decidiron formar un goberno e fracasaron na formación dun goberno único e forte e non queren que toda a corporación poida tomar as decisións que lle corresponde. Pretenden que o resto das forzas políticas non poidan decidirl nos asuntos que deben ir a pleno. Entendemos necesario que todos os grupos debatan publicamente en pleno os asuntos sobre os que ten competencias.

- **Sr. alcalde:** Cangas non é o único goberno en minoría. Ademais as forzas que gobernan non representan 1/3 da corporación, senón exactamente un 38,10%.

Expediente 4249/2019. Proposta de réxime de sesións plenarias

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta da proposta da alcaldía de data 17.07.2019, referente ó réxime de realización de sesións do pleno corporativo, que é como segue:



"PROPOSTA DE RÉXIME DE REALIZACIÓN DE SESIÓNS DO PLENO CORPORATIVO

Para os efectos do sinalado no art. 38.a), 78.1 e 112.3 do Rd 2568/1986 e co sinalado no art. 221 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- O Concello Pleno realizará sesión ordinaria o último venres de cada mes ás 20:00 horas. Con carácter previo, o terceiro luns de cada mes, convocarase a Xunta de Voceiros dos grupos políticos municipais para os efectos de consensuar os asuntos que deberán figurar na orde do día.

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para, previa consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a realización das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mesmo mes da súa realización, cando o día fixado sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional ou concorra algunha outra circunstancia que así o aconselle.

Terceiro.- Cando por razóns xustificadas non poida realizarse á hora indicada o cambio desta non implicará que a sesión non teña carácter ordinario".

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar íntegramente a proposta da alcaldía transcrita.

Ademáis apróbanse por unanimidade dos membros asistentes as seguintes propostas:

- Proposta de AVANTE: para convocar as sesións de pleno e de comisión informativa única na semana anterior, en horario de tarde.
- Proposta do PARTIDO POPULAR: para non convocar plenos, nin comisións informativas para os meses de agosto e decembro.

Intervencións:

- **Sra. Giráldez Santos:** indica que esta proposta conta co respaldo do BNG, ao manterse a periodicidade e días sinalados para sesións ordinarias do concello pleno dos mandatos anteriores e consensuadas entre todos os grupos políticos con representación municipal.

Expediente 4251/2019. Proposta de designación de representantes do Concello en órganos colexiados

Desfavorable

Tipo de votación: ordinaria

A favor: 8, en contra: 10, abstencións: 3, ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 17.07.2019, referente á designación dos representantes do concello en órganos colexiados, que é como segue:



"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DESIGNACIÓN DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Vista a participación do Concello de Cangas en determinados órganos colexiados, de conformidade co sinalado no art.38.c) do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, efectúase a seguinte proposta de designación segundo se detalla:

Primeiro.- *Designar representantes municipais nos seguintes órganos colexiados:*

XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DOMORRAZO

Titulares:

*Xosé Manuel Pazos Varela
Hugo Fandiño Alberte
María Victoria Portas Mariño
Sagrario Martínez Ferrari*

Suplentes:

*María Teresa Villar Suárez
Ana Belén Martín Fernández
Mariano Abalo Costa
Fernando Quinteiro López*

MESA LOCAL DE COMERCIO

*Sagrario Martínez Ferrari
María Teresa Villar Suárez.*

ÓRGANOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE CANGAS

Comisión mixta Consorcio Galego-concello: *Fernando Quinteiro López*
Comisión de baremación intercentros do concello: *Fernando Quinteiro López*

Segundo.- *Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade de concellos do Morrazo, ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e ao director/directora da Escola infantil de Cangas".*

VOTACIÓN E ACORDO

Votos a favor: 8 (4 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de ACE e 4 do PSOE).

Votos en contra: 10 (7 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do PP e 3 de BNG).

Abstencións: 3 (dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de AVANTE).

Polo tanto o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.



Intervencións:

- **Sra. Giráldez Santos:** indica que o seu grupo cuestiona que un goberno que representa 1/3 da corporación represente a vontade do pobo e que poida trasladar aos órganos as decisións que representen a maioría da poboación canguesa, porque non existe esa maioría. Os representantes deberían ser membros dun goberno forte e representativo da vontade popular. O BNG considera unha afronta á lingua a inexistencia dunha concellería para a súa defensa. Desde o BNG seguimos mantendo o mesmo criterio de formación dun único goberno participado por todos os grupos do ámbito da esquerda.

- **Sr. alcalde:** di o seguinte: *"non lle vou a permitir iso, Sra. Giráldez, cando algúns de nós levamos moitos anos loitando por ela"*. Indica que a pesar das denominacións a área xa está incluída nas comisións existentes, pero que ademais e para evitar calquera malentendido, existe un decreto incrementando as funcións da concellería de educación, deportes e xuventude, á que se lle engaden ademais as funcións de normalización lingüística e voluntariado, da que non se pode dar conta neste pleno e se dará no seguinte para cumprir os prazos previstos na vixente lexislación.

Expediente 4250/2019. Proposta de asignacións económicas

Desfavorable

Tipo de votación: Nominal

A favor: 8, en contra: 10, abstencións: 3, ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 17.07.2019, referente á dedicacións exclusivas e parciais, e asignacións económicas aos concelleiros e grupos políticos, que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS, E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS CONCELEIROS E GRUPOS POLÍTICOS

De conformidade co disposto nos artigos 75, apartados 1, 3 e 5 da Lei 7/ 1985 e 13 do Rd 2568/1986, os membros das corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desenvolvan en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como, a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

Do mesmo xeito, os grupos políticos municipais teñen dereito a dispoñer dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que fai aconsellable a asignación dunha contía económica de carácter mensual, que conterà un compoñente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros.

Segundo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Establecer o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais:*

Dedicacións exclusivas:



- * *Alcaldía: dedicación exclusiva de Alcaldía con efectos do 1 de setembro de 2019.*
- * *Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de servizo sociais, igualdade, feminismo e sanidade: dedicación exclusiva de concelleiro ou concelleira.*
- * *Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de urbanismo e medio ambiente: dedicación exclusiva de concelleiro ou concelleira.*

Dedicacións parciais, cunha dedicación do 60% da xornada:

- * *Concelleiro ou concelleira delegado/delegada de servizos, enerxía e turismo.*
- * *Concelleiro ou concelleira delegado/delegada de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural.*

Segundo.- Remunerar as dedicacións anteriores nas contías que a seguir se determinan, que resultan de tomar as contías establecidas mediante acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria realizada en data de 26 de xuño de 2015, aplicando o índice de actualización resultante do establecido nas diferentes leis de orzamentos de cada exercicio respecto do incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público, que de xeito acumulado totaliza unha porcentaxe do 6,25% respecto do establecido en 2015, aplicada xa a porcentaxe total determinada para 2019:

Dedicacións exclusivas:

- * *Alcaldía: corenta e cinco mil seiscientos corenta e dous euros con oitenta e oito céntimos (45.642,88 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*
- * *Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade: vinte e oito mil novecentos trinta e sete euros con noventa e sete céntimos (28.937,97 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*
- * *Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de urbanismo e medio ambiente: vinte e oito mil novecentos trinta e sete euros con noventa e sete céntimos (28.937,97 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

Dedicacións parciais, cunha dedicación do 60% da xornada:

- * *Concelleiro ou concelleira delegada de servizos, enerxía e turismo: dezasete mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e oito céntimos (17.362,78 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*
- * *Concelleiro ou concelleira delegada de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural: dezasete mil trescentos sesenta e dous euros con setenta e oito céntimos (17.362,78 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

As retribucións referidas son en termos brutos, independentes da cotización do Concello á Seguridade Social ou mutualidade correspondente e percibiranse en catorce pagas, unha por cada unha das mensualidades do ano e as dúas restantes nas mensualidades de xuño e



decembro.

O Concello procederá á alta no réxime xeral da Seguridade Social dos/das concelleiros/concelleiras con dedicacións. As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que determinen as leis de orzamentos para o persoal ao servizo do sector público, de xeito análogo ao incremento correspondente ao persoal ao servizo do Concello.

O presente acordo terá efectos desde o día 1 de setembro de 2019, para a dedicación exclusiva correspondente á Alcaldía.

Terceiro.- *Modificar a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogadas a 2019, nos termos indicados no presente acordo.*

Cuarto.- *Asignar aos/ás concelleiros e concelleiras, de conformidade co disposto na base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogadas a 2019, en concepto de indemnizacións por asistencia a órganos colexiados, as seguintes cantidades:*

- *Por asistencia a Pleno a cantidade de noventa euros (90,00 €).*
- *Por asistencia a Xunta de Goberno Local a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €).*
- *Por asistencia a comisións informativas, o presidente percibirá a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €), e os vogais a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €).*

Quinto.- *Asignar unha cantidade fixa a cada grupo político, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/85, de trescentos euros (300,00 €) por mes, modificando en consecuencia a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogado a 2019, nos termos indicados no presente acordo.*

Tendo en conta que os distintos grupos constan de distintos número de membros, asignaráselle a cantidade de trinta euros (30,00 €) por concelleiro ao mes, ao abeiro do artigo antes citado.

Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar unha contabilidade específica, non podendo dedicarse polos grupos ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Sexto.- *Publicar o presente acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello".*

VOTACIÓN E ACORDO

Votos a favor: 8 (4 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de ACE e 4 do PSOE).

Votos en contra: 10 (7 dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal do PP e 3 de BNG).

Abstencións: 3 (dos/das concelleiros/concelleiras do grupo municipal de AVANTE).

Polo tanto o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda rexeitar a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

Intervencións:



- **Sra. Giráldez Santos:** indica que aumentan as retribucións respecto ás cantidades aprobadas no anterior mandato. O BNG entende que as persoas que desenvolven unhas funcións con dedicación plena deben percibir un salario polo seu traballo, pero non se entende que un goberno en minoría presente este aumento sen negociación previa. Un futuro orzamento pode incorporar as cantidades que se acorden e así presentar unha nova proposta nun prazo breve de tempo negociada e consensuada. Insistimos que recapaciten e tomen a mellor decisión para o pobo de Cangas.

- **Sr. Alcalde:** responde dicindo que pacto sí pero non un pacto envelenado e non a cambio dun salario.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de constitución dos grupos políticos municipais

Pola presidencia dase conta de comunicación da alcaldía referente á constitución dos grupos políticos municipais, que di o seguinte:

"CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Polo Sr. alcalde comunícase ao Pleno do Concello que polo Partido Popular, Alternativa Canguesa de Esquerdas, Partido Socialista de Galicia-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Avante! Candidatura Veciñal, foron presentados, en cumprimento do disposto no art. 75 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e art.24 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, escritos subscritos pola totalidade dos/das concelleiros/concelleiras electos/electas en cada formación política, manifestando o seu desexo de constituírse en grupos políticos municipais.

Así mesmo faise constar os voceiros e suplentes dos distintos grupos políticos, cualidade que ostentarán os/as seguintes concelleiros/concelleiras:

1.- Partido Popular:

*Voceiro: José Enrique Sotelo Villar
Suplente: Rafael Soliño Costas e Pío Millán Blanco*

2.- Alternativa Canguesa de Esquerdas:

*Voceira: Victoria Portas Mariño
Suplente: Mariano Abalo Costa e M^a Teresa Villar Suárez*

3.- Partido Socialista de Galicia-PSOE:

*Voceira: Ana Belén Martín Fernández.
Suplente: Hugo Fandiño Alberte e Sagrario Martínez Ferrari*



Concello de Cangas

4.- Bloque Nacionalista Galego:

Voceira: M^a Mercedes Giráldez Santos

Suplente: indistinto entre os restantes membros do grupo municipal.

5.- Avante! Candidatura Veciñal:

Voceira: Ángela Vizoso Marcos

Suplente: indistinto entre os restantes membros do grupo municipal".

O Concello Pleno queda informado da constitución dos grupos políticos municipais.

Dación de conta de DECRETO 2019-1133 (nomeamento tenentes de alcalde)

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1133 de data 17.07.2019, referente ó nomeamento dos tenentes de alcalde, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos arts. 20.1 a) e art. 23.3 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime local, art. 65.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o art. 46.1 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, réxime xurídico e funcionamento,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar tenentes de alcalde do Concello de Cangas aos seguintes concelleiros/concelleiras membros da Xunta de Goberno Local:

NOMEAMENTO TENENCIAS ALCALDÍA

1^a Tenente de alcalde – Ana Belén Martín Fernández.

2^a Tenente de alcalde – María Victoria Portas Mariño.

3^o Tenente de alcalde- Hugo Fandiño Alberte.

4^a Tenente de Alcalde- María Teresa Villar Suárez.

Os/as tenentes de alcalde citados substituirán, pola orde do seu nomeamento, ao alcalde na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, sen prexuízo de efectuar en cada caso a correspondente delegación.

Segundo.- Para os efectos indicados, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante resolución, a duración da súa ausencia, designando ao tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo primeiro tenente de alcalde e, no seu defecto, por calquera dos/das outros/outras tenentes de alcalde establecidos que se atopen presentes, debendo dar conta diso ao resto da corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcalde accidental máis de un deles.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, notificándose personalmente aos/ás designados/designadas, debendo, así mesmo, ser publicado no BOP, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución".

O Concello Pleno queda informado do decreto anteriormente transcrito.

Dación de conta de DECRETO 2019-1136 (nomeamento membros da Xunta de Goberno Local)

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1136 de data 17.07.2019, referente ó nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN ALCALDÍA NOMEAMENTO MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidade co disposto nos artigos 20.1b) e 23.1 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, art. 59.2 b) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, resulta de existencia preceptiva neste municipio a Comisión de Goberno, agora Xunta de Goberno Local (Lei 57/2003), que estará integrada polo alcalde e un número de concelleiros/concelleiras non superior ao tercio do número legal dos que compoñen a corporación.

Visto o disposto nos artigos 52, 53 e 112.3 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, réxime xurídico e funcionamento das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Constituír a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas que estará formada polo Sr. alcalde e sete concelleiros/concelleiras.

Segundo.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos/ás seguintes concelleiros/concelleiras:

*Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela
Ana Belén Martín Fernández
María Victoria Portas Mariño
Hugo Fandiño Alberte
María Teresa Villar Suárez*

Suplentes:

*Sagrario Martínez Ferrari
Mariano Abalo Costa
Fernando Quinteiro López*

Terceiro.- Fixar o seguinte réxime de sesións da Xunta de Goberno Local:

- **Ordinarias:** unha vez á semana, os luns ás 20:00 horas. (do 15 de xuño ao 15 de setembro, realizaranse ás 13:00 horas).

- **Extraordinarias e extraordinarias-urxentes:** cando con tal carácter sexan convocadas pola alcaldía.



Cuarto.- Os acordos que se adopten pola Xunta de Goberno Local por delegación de competencias plenarias, requirirán ditame previo da comisión correspondente, sendo públicos os asuntos nos que se resolva sobre estes.

Quinto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, debendo notificarse personalmente aos designados, que terán un prazo de 3 días para aceptar expresamente o cargo, se non se pronuncian en contra entenderase que a aceptación é tácita e publicarase no BOP, sen prexuízo da efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución".

O Concello Pleno queda informado do decreto anteriormente transcrito.

Pola presidencia indícase que por erro producido no punto primeiro da resolución, onde di:

"Primeiro.- Constituír a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas que estará formada polo Sr. alcalde e sete concelleiros/concelleiras".

Indícase pola presidencia que se deberá facer unha nova resolución onde diga o seguinte:

"Primeiro.- Constituír a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas que estará formada polo Sr. alcalde e catro concelleiros/concelleiras".

Dación de conta de DECRETO 2019-1134 (delegación de atribucións xenéricas)

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1134 de data 17.07.2019, referente á delegación das atribucións xenéricas, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN ALCALDÍA DELEGACIÓN ATRIBUCIÓN XENÉRICAS

Tendo atribuída esta Alcaldía por lei a facultade de delegar determinadas atribucións nos/nas concelleiros/concelleiras da corporación, segundo o disposto no art. 23.4 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime local e no art. 61.3 da Lei 5/1997, de admsitración local de Galicia.

Visto o réxime xurídico desas delegacións establecido nos arts. 43 a 45 e 114 a 118 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, en uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, que se dirán, as delegacións xenéricas seguintes:

Obras e infraestruturas: Ana Belén Martín Fernández.

Servizos, enerxía e turismo: María Teresa Villar Suárez.

Desenvolvemento económico, emprego, mar e rural: Sagrario Martínez Ferrari.

Servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade: María Victoria Portas Mariño.

Educación, deportes e xuventude: Fernando Quinteiro López.

Facenda, réxime interior e transportes: Mariano Abalo Costa.

Urbanismo e medio ambiente: Hugo Fandiño Alberte.



Persoal, mobilidade, tráfico, seguridade e cultura: Xosé Manuel Pazos Varela.

Estas delegacións abrangerán tanto as facultades de dirixir os servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, sen facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- A Alcaldía en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta resolución, sen prexuízo da súa avogación, segundo o disposto na Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais personalmente aos/ás designados/designadas e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

Cuarto.- No non previsto nesta resolución rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e Rd 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas".

O Concello Pleno queda informado do decreto anteriormente transcrito.

Incidencias: por parte do Sr. alcalde comunícase que se modifican as funcións das delegacións das seguintes áreas:

* Servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade: asignada a María Victoria Portas Mariño, engádeselle ademais as funcións de: participación vecinal e transparencia.

* Educación, deportes e xuventude: asignada a Fernando Quinteiro López, engádeselle ademais as funcións de: normalización lingüística e voluntariado.

Dación de conta de DECRETO 2019-1135 (delegación competencias en Xunta de Goberno Local)

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1135 de data 17.07.2019, referente á delegación de atribucións en Xunta de Goberno Local, que di o seguinte:

"RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

De conformidade co indicado nos arts.21 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime local, 61 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e 43, 44, 52 e 53 do Rd 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións sen prexuízo da súa avogación en calquera momento segundo o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

1.- En materia de recursos humanos:



1.1.- Aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a convocatoria dos correspondentes procedementos.

2.- En materia urbanística:

2.1.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como, dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.2.- A concesión ou denegación de licenzas urbanísticas e as súas modificacións, reservándose a Alcaldía o requirimento para a subsanación de deficiencias, ordes de execución e as resolucións de caducidade ou arquivo por calquera causa.

2.3.- A tramitación/resolución dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística e sanitaria.

3.- En materia de contratación:

3.1.- As contratacións e concesións de toda clase cando, superando a contía establecida para a cualificación de cada tipo de contrato como menor, o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, nin en todo caso, os 6 millóns de euros; incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

3.2.- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

4.- En materia de patrimonio:

4.1.- Adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 3 millóns de euros, así como, o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicada.

4.2.- A concesión ou arrendamento de nichos e fosas no cemiterio municipal, o rescate destes e os cambios de titularidade.

5.- En materia de xestión económico-financeira:

5.1.- A aprobación das bases e concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva cando correspondan á Alcaldía.

5.2.- A solicitude de subvencións ou axudas económicas a outras entidades ou organismos públicos e privados.

5.3.- Devolución de garantías constituídas en metálico, aval e demais formas.

6.- En materia de servizos sociais:



Concello de Cangas

6.1.- *A aprobación dos expedientes de benestar social.*

7.- *Todas aquelas cuestións puntuais competencia do alcalde, que éste desexe someter a estudo, consideración ou resolución da Xunta de Goberno Local.*

Segundo.- *As competencias delegadas exerceranse nos termos sinalados na presente resolución e lexislación de aplicación, sen que poidan ser delegadas en ningún outro órgano. No texto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en virtude desta delegación deberá facerse constar dita circunstancia.*

Terceiro.- *Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, debendo notificarse personalmente aos designados e publicarse no BOP, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución".*

O Concello Pleno queda informado do decreto anteriormente transcrito.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850